

XI Concurso de Poemas e Relatos Ilustrados. 2023

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega convoca a **XI edición do Concurso de Poemas e Relatos Ilustrados**, dedicado este ano a **Francisco Fernández del Riego**.

Establécense **4 categorías** de participación:

- I. Educación Infantil e 1º ciclo de Educación Primaria
- II. 2º ciclo de Educación Primaria
- III. 3º ciclo de Educación Primaria
- IV. Educación Secundaria

1. Os **proxectos (ilustración/composición plástica baseada nun texto de Francisco Fernández del Riego)** deberán incluír (alomenos en parte) o fragmento no que se basean e ser orixinais e inéditos.

2. O formato, así como o material no que se realicen, será escollido libremente polo alumnado, debéndose respectar unicamente unhas dimensións mínimas (as dun folio DIN-A4) e máximas (as dunha cartolina de 75x50 cm).

3. Os traballos non estarán asinados, figurando unicamente na súa parte traseira o nivel no que se participa e un **pseudónimo**. Virán acompañados dun sobre pechado en cuxo interior se recolla o **nome, apelidos e curso do/a autor/a**.

4. Os orixinais deberán ser remitidos a calquera dos membros do Equipo de Dinamización a través do/a titor/a **antes do luns 11 de decembro**.

5. O xurado, composto polos membros do EDLG, valorará os traballos presentados e escollerán **un único gañador en cada categoría**.

6. O anuncio da **resolución e a entrega de premios** terá lugar o **xoves 21 de decembro**, durante a celebración do festival de Nadal.

7. **Realizarase unha exposición cos traballos presentados**, reservándose o EDLG o dereito de publicación destes.

8. A participación neste concurso significa a plena aceptación destas bases, así como da resolución do xurado.

TEXTOS 2023

ED. INFANTIL, 1º E 2º ED. PRIMARIA

Teño a conciencia clara da miña idade e dos achaques que lle corresponden.

3º E 4º ED. PRIMARIA

A lingua galega é a nosa identidade, a nosa forma de expresarnos, de amar a nosa terra.

5º E 6º ED. PRIMARIA

Soño unha Galicia ideal que no meu tempo non se realizou, pero pode realizarse no futuro.

ESO

Aspiramos a crear unha vida universitaria autenticamente galega, desexamos que estuden os problemas reais tendo en conta que os que estudan son galegos.